

Procedemento para a contratación de produtos e servizos pola Unión de Cooperativas ESPAZO COOP

O presente documento rexerá o procedemento para a contratación de servizos ou adquisición de produtos por parte da Unión de Cooperativas Espazocoop, en base aos seguintes criterios:

1 |

Sacarase a concurso a contratación de servizos ou adquisición de produtos cando o seu custo supere a cifra de 2.000.-€ de base imponible, a non ser que a criterio do Consello Rector e en base as características do produto ou servizo a contratar, se determine outra cousa. A contratación de produtos/servizos superiores a 500.-€ e inferior a 2.000.- € farase sempre en base a recepción de como mínimo 3 ofertas.

2 |

Publicitarase no apartado específico de transparencia da web da Unión o listado de contratos adjudicados.

3 |

As entidades que forman parte do consello reitor non poderán contratar coa Unión naqueles casos nos que o financiamento público non o contemple ou non o permita.

4 |

As adjudicatarias e os criterios de adjudicación faranse públicos no espazo da web da Unión habilitado a tal efecto.

5 |

Terán preferencia na contratación en primeiro lugar as cooperativas asociadas, en segundo lugar cooperativas e outras fórmulas de economía social. Valoraranse aspectos como a intercooperación, prácticas de responsabilidade social, melloras e garantías, etc.

6 |

Valorarase a existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

7 |

Na proposta técnica especificarase o volume de subcontratación e os recursos propios postos a disposición. Valorarase en todo caso a colaboración con outras entidades cooperativas e/ou de Economía Social para o desenvolvemento dos traballos.

8 |

No caso de cooperativas socias que propoñan a iniciativa propia, actividades que supoñan contratación de servizos por parte da Unión que deban saír a concurso, reservaráselle unha porcentaxe do 10% dos puntos totais do baremo.

9 |

A mesa de contratación estará composta polo equipo directivo da Unión de Cooperativas espazocoop, agás naqueles casos que pola súa dimensión e/ou características requiran a presenza do consello reitor.

10 |

As licitadoras deberán comprometerse expresamente á adscrición do equipo de traballo proposto para a execución do contrato que deberán formar parte da estrutura da/s entidades.

11 |

Establécense os seguintes criterios para a contratación:

Ser cooperativa afiliada a ESPAZOCOOP	4 PUNTOS	Máx. 20%
Ser cooperativa	2 PUNTOS	
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción	1 PUNTOS	
Experiencia Profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: - Experiencia + Garantías da entidade e CV das persoas socias (3) - Traballos anteriores satisfactorios coa Unión (2) - Cooperativa de nova creación (1)	Ata 4 PUNTOS	Máx. 20%
Proposta Técnica, inclúe melloras sobre a proposta. (<i>Se a proposta é a iniciativa da cooperativa socia resérvanse 2 puntos</i>)	Ata 6 PUNTOS	Máx. 30%
Grao de intercooperación: - Proxecto de Intercooperación con outras socias - Intercooperación en redes: COOP57, REAS, ... - Grao de participación nas actividades da Unión	Ata 1 PUNTOS	Máx. 5%
Oferta económica	Ata 4 PUNTOS	Máx. 20%
Medidas de Responsabilidade Social: Balance social, plans de igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respetuosos coa contorna, elaboración memorias de sostibilidade, colaboración con entidades sociais, etc...), e aquelas que se propoñan na propia proposta.	Ata 1 PUNTOS	Máx. 5%